



Resolución do 20 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se procede á convocatoria para o período 2024 (código de procedemento AP400A)

A crise derivada do COVID-19 obrigou a Europa a tomar medidas excepcionais e aproveitar a circunstancia para tratar de saír máis fortes da pandemia, transformando a economía europea e creando novas oportunidades. NextGenerationEU xorde como un plan de recuperación de 750.000 millóns de euros para crear unha Europa máis verde, máis dixital e máis resiliente.

O Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, é o elemento central de NextGenerationEU, destinado a financiar os plans de recuperación e resiliencia dos Estados membros da Unión Europea.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR) foi informado favorablemente pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021 e aprobado polo Consello da Unión Europea o 6 de xullo de 2021. O 2 de outubro de 2023 a Comisión Europea emitiu informe favorable da Addenda de modificación do PRTR pola que se modifica o calendario e a definición dalgúns fitos.

O PRTR ten como obxectivo a posta en marcha dun plan de investimentos e reformas para a recuperación das empresas e a sociedade tras a crise do COVID-19, impulsando unha transformación estrutural para un desenvolvemento máis sustentable e resiliente, cun orzamento de máis de 163.000 millóns de euros ata 2026.

Ademais, en febreiro de 2021, a Xunta de Galicia presentaba a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), a cal define un marco de actuación común que facilite a actuación das tres administracións (nacional, autonómica e local) nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxias e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade, dando continuidade á Axenda dixital de Galicia 2020 e ao Plan de banda larga de Galicia 2020 (PDBL2020), coa visión posta en impulsar un modelo de crecemento vinculado á economía dixital.

Cabe salientar ademais que, a crise da COVID-19, puxo de manifesto a necesidade de continuar de xeito remoto coa actividade económica, as labores de ensinanza o acceso a servizos médicos ou sociais, entre outros, evidenciando así un novo factor de desigualdade.

Neste senso, o eixo estratéxico 2 da EGD2030 céntrase en acadar unha Sociedade Dixital e Inclusiva, dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital. Pero ademais, neste eixo 2 contemplase o fomento da igualdade dixital mediante a redución da fenda de acceso a servizos dixitais, obxectivo que persegue o programa de emisión de bonos dixitais

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





para colectivos vulnerables regulado nestas bases e consistente na xestión de axudas ás familias máis vulnerables para dispor de servizos dixitais nos fogares.

Esta medida dítase en desenvolvemento do Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a execución do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, modificado polo Real Decreto 1134/2023, de 19 de decembro, e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño.

Esta iniciativa forma parte do investimento C15.I3 de «Bonos dixitais para pymes e colectivos vulnerables» do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, que prevé a financiación de investimentos e gastos derivados da conexión á banda larga de colectivos vulnerables.

Como antecedentes directos da presente convocatoria, con data 28 de xullo de 2022, ditouse resolución da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se aprobaron as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a inscrición de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, do Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono social), enmarcado no investimento C15.I3 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocaron para o período 2022-2023 (códigos de procedemento AP400A e AP400B, DOG núm. 155, do 17 de agosto).

Así mesmo, con data de 4 de xullo de 2023 ditouse resolución do director da Amtega, pola que se convocaron subvencións para o ano 2023, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono social), enmarcado no investimento C15.I3 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (DOG nº 136 do 18 de xullo de 2023).

A última convocatoria establecía un prazo de solicitude que finalizou o pasado 15 de decembro.

Nas convocatorias de subvencións realizadas nos anos 2022 y 2023 concedéronse un total de 900 bonos dixitais para colectivos vulnerables, que suman un total de 216.000€ destinados á minoración de 20€ nas facturas mensuais dos beneficiarios durante un período de ata 12 meses. Tendo en conta que o Goberno de España transfire á comunidade autónoma de Galicia un total de 1.378.560€ para o Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, quedan dispoñibles 1.162.560€ para unha nova convocatoria de subvencións no ano 2024.

En base ao anterior, previa autorización para esta convocatoria do Consello da Xunta de Galicia adoptada o 17 de xuño de 2024, e en uso das competencias atribuídas no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega),

RESOLVO

Artigo 1. Obxecto.

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





A presente resolución ten por obxecto:

- Aprobar as bases reguladoras, recollidas como anexo I, do programa de emisión de bonos dixitais (Programa UNICO – Bono Social) previsto no Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro (BOE núm. 275 do 17 de novembro), modificado polo Real Decreto 1134/2023, de 19 de decembro (BOE núm. 9 do 10 de xaneiro de 2024) e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño (BOE núm. 136 do 5 de xuño), e enmarcado no investimento C15.I3 «Bonos dixitais para pymes e colectivos vulnerables» do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (código de procedemento AP400A).
- Aprobar o formulario para a solicitude dos bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables, que se inclúe como anexo II, e proceder a convocatoria para a anualidade 2024.
- Así mesmo, por medio da presente resolución, apróbanse tamén os anexos III, IV e V como documentación complementaria para a solicitude dos bonos no ano 2024.
- Publicar o convenio de colaboración para a xestión dos bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables, ao cal deben adherirse as entidades colaboradoras (anexo VI).

Artigo 2. Crédito

- Para o financiamento desta convocatoria está prevista unha dotación orzamentaria máxima de 1.162.560,00€ que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 07.A1.571A.481.0, coa seguinte distribución:

Importe 2024	Importe 2025	Total
484.400,00€	678.160,00€	1.162.560,00€

- Segundo o disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a dotación orzamentaria poderase incrementar sen que se realice unha nova convocatoria, no caso de xerar, ampliar ou incorporar crédito, ou coa existencia de remanentes de outras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- Este crédito financiarase con fondos europeos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Artigo 3. Prazo para presentar as solicitudes

- O prazo para presentar as solicitudes dos bonos dixitais comezará o día seguinte ao da publicación no DOG da presente resolución e rematará o 30 de setembro de 2024.

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





Artigo 4. Información aos interesados.

Sobre estes procedementos administrativos poderá obterse documentación normalizada ou información adicional na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) a través das seguintes canles:

- a) Páxina web: <http://amtega.xunta.gal/>
- b) O teléfono: 981 545 535
- c) A dirección electrónica: amtega@xunta.gal
- d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre estes ou outros procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia (012 ou 902 12 00 12 se chama desde fóra de Galicia).

Disposición adicional única. Habilitación para o desenvolvemento

Facúltase á Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que dite as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición final única. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Julián Cerviño Iglesia

Director da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia





ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência non competitiva, do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU (códigos de procedemento AP400A)

Artigo 1. Obxecto

O obxecto destas bases é establecer as condicións polas que se rexerá a concesión dos bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables a través do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO – Bono Social) previsto no Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro (BOE núm. 275 do 17 de novembro), modificado polo Real Decreto 1134/2023, de 19 de decembro (BOE núm. 9 do 10 de xaneiro de 2024), e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño (BOE núm. 136 do 5 de xuño), e enmarcado no investimento C15.I3 «Bonos dixitais para pymes e colectivos vulnerables» do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

Artigo 2. Ámbito temporal

O ámbito temporal de vixencia das presentes bases será desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ata o 31 de decembro de 2025.

Artigo 3. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias do bono dixital as persoas que xa sexan beneficiarias das prestacións públicas da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) da Xunta de Galicia ou do ingreso mínimo vital (IMV) do Goberno de España.
2. Así mesmo, tamén poderá ser beneficiaria calquera outra persoa física maior de idade con ausencia ou déficit grave de recursos económicos ou que se atope en situación ou risco de exclusión social. No caso da exclusión social, verificarase a concorrência adicional de algún dos factores de exclusión establecidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.
3. Considerarase ausencia ou déficit grave de recursos económicos cando o nivel de renda do solicitante sexa igual ou inferior a:
 - a) 1,25 veces o IPREM, se non hai menores na unidade familiar
 - b) 1,75 veces o IPREM, se hai menores na unidade familiar.
4. En calquera caso os beneficiarios deberán estar empadroados e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU**





5. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incursos nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado, con independencia das comprobacións que efectúe o órgano xestor.
6. Só se poderá conceder un bono dixital por persoa física e por unidade familiar. Entenderase por unidade familiar, segundo o establecido no artigo 82 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio:
 - a) A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houberse:
 - 1.º Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentes destes.
 - 2.º Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - b) Nos casos de separación legal, ou cando non existise vínculo matrimonial, a formada polo pai ou a nai e todos os fillos que convivan cun ou outro e que reúnan os requisitos a que se refire a letra a) deste artigo.

Artigo 4. Determinación da renda

1. Para a determinación da renda do solicitante, con carácter xeral sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro da declaración do imposto da renda das persoas físicas (en diante, IRPF) do último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude de subvención.
2. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles ás que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.
3. O solicitante deberá indicar se existen menores de idade na unidade familiar, a través da declaración responsable incluída na solicitude (anexo II).

Segundo o establecido no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o solicitante debe dispor da documentación que acredite a veracidade de dita declaración responsable, que deberá ser posta a disposición da Amtega no caso de ser requirida.

Artigo 5. Obrigas dos beneficiarios

1. Son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en particular, as seguintes:

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





- a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.
 - b) Realizar o pagamento das facturas mensuais do servizo de internet obxecto do desconto.
 - c) Comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza.
 - d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
 - e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Así mesmo, calquera outra obriga establecida no Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro, modificado polo Real Decreto 1134/2023, de 19 de decembro e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño.

Artigo 6. Características do bono dixital

1. O bono dixital contribuirá a financiar a contratación de novos servizos de conexión a banda larga ou o mantemento dos xa contratados desde unha ubicación fixa cunha velocidade mínima de 30 Mbps en sentido descendente e irá destinado a persoas físicas de unidades familiares que fosen identificadas como vulnerables.
2. O bono dixital permitirá ao solicitante a contratación ou mantemento do servizo indicado no punto anterior, tendo dereito a unha minoración mensual de ata 20 euros na factura emitida pola entidade colaboradora elixida durante un período de ata 12 meses chegando a acadar como máximo os 240 euros.
3. O recoñecemento do dereito a recibir o bono dixital a unha unidade familiar e a contía de dito bono é independente do número de membros integrantes da mesma.
4. O servizo de acceso que ofertarán as entidades colaboradoras terá como mínimo as seguintes características:
 - a) O servizo de conexión terá asociada unha velocidade de transferencia de datos de, como mínimo, 30 Mbps en sentido da rede ao usuario (DL) en condicións de hora punta, entendida esta como a velocidade alcanzada polos usuarios finais durante un período de unha hora no momento de ocupación máxima da rede.
 - b) O servizo de acceso á banda larga realizarase a través da tecnoloxía máis adecuada en cada caso a fin de respectar o principio de neutralidade tecnolóxica
 - c) Modalidade de acceso: non existirá limitación horaria para o acceso ao servizo nin limitación ao volume mensual dos datos descargados.





5. Non son obxecto desta axuda outros servizos que a entidade colaboradora poida prestar a través do mesmo acceso (voz, televisión etc). Sen prexuízo de que os usuarios poidan contratar ditos servizos de forma adicional.

Artigo 7. Incompatibilidade con outras axudas

Os bonos dixitais non serán compatibles con calquera outra axuda, para o mesmo obxecto, doutros programas ou instrumentos financiados con calquera outro fondo da Unión Europea.

Artigo 8. Entidades colaboradoras

1. Inscripción como entidade colaboradora na comunidade autónoma de Galicia

- a) A Amtega consultará a todos os operadores xa inscritos como entidades colaboradoras na comunidade autónoma de Galicia o seu interese en manter esta condición na nova convocatoria 2024 deste programa de axudas.
- b) De conformidade coa disposición adicional primeira do Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño, a Amtega comunicará á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais os datos dos operadores que estaban inscritos no rexistro de operadores-colaboradores da comunidade de Galicia. Estes operadores quedarán automaticamente inscritos no Rexistro de operadores-colaboradores do programa da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.
- c) De conformidade co apartado 2 do artigo 14 do Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño, os novos operadores que queiran participar e comercializar os seus servizos no marco deste programa de axudas da Comunidade de Galicia deberán inscribirse no Rexistro de operadores-colaboradores que xestionará a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.
- d) A Amtega, á vista dos datos dos operadores que se inclúan no Rexistro de operadores-colaboradores do programa da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, formalizará con ditos operadores a colaboración no programa de axudas da comunidade de Galicia a través da firma do convenio especificado no seguinte apartado.

2. Convenio de colaboración

- a) Os operadores-colaboradores do programa de axudas da comunidade de Galicia inscritos no Rexistro de operadores-colaboradores que xestionará a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais deberán acreditar á Amtega non estar incurso nas situacións descritas no apartado 4 letra b) do presente artigo.
- b) Posteriormente, os operadores-colaboradores asinarán un convenio de colaboración con Amtega, cuxo modelo figura no anexo VI.

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





3. Alcance das actuacións que desenvolverán as entidades colaboradoras

As entidades colaboradoras terán como labor:

- a) A promoción da contratación.
- b) A instalación do servizo de internet contratado polo beneficiario do bono dixital
- c) Aportar a documentación precisa para a verificación e control da adecuada execución dos bonos xestionados, descrita nas presentes bases reguladoras.

4. Requisitos das entidades colaboradoras

- a) Poderán obter a condición de entidades colaboradoras, nos termos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as empresas privadas con personalidade xurídica propia, validamente constituídas e empresarios individuais. En ambos casos, deben ostentar a condición de operador debidamente habilitado, conforme ao establecido nos artigos 6 e 7 da Lei 11/2022, do 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións, e ofertar servizos de internet na Comunidade Autónoma de Galicia coas características técnicas especificadas no artigo 6 das presentes bases, acreditando os seguintes requisitos:

- 1º. Ser operador de telecomunicacións e estar dado de alta no Rexistro de operadores da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC).
- 2º. Ofrecer servizos de conexión á internet de banda larga de cando menos 30Mbps ao público en xeral.

- b) Non poderán obter a condición de entidade colaboradora:

- 1º. As persoas nas que conorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 2º. As empresas que se atopen suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha Decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ao beneficiario ilegal e incompatible co mercado común.
- 3º. As empresas en crise de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices da Comisión Europea sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (2014/C249/01) Diario Oficial da Unión Europea do 31/07/2014.

5. Obrigas das entidades colaboradoras

Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 12 da Lei 9/2007, as entidades colaboradoras quedarán obrigadas a:

- a) Verificar o código do bono achegado polo beneficiario que o habilita para a contratación ou mantemento dun servizo subvencionado de cando menos 30Mbps a través do servizo que se habilitará a tal efecto por parte da Amtega.

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





- b) Comunicar, a través do servizo habilitado por parte da Amtega, os servizos tramitados a través do bono dixital, nun prazo máximo de dous (2) meses desde o inicio da aplicación do desconto do bono ao beneficiario, así como, as baixas realizadas tamén nun prazo máximo de dous (2) meses desde que se fan efectivas.
- c) Executar as actuacións necesarias para a conexión á internet dos beneficiarios coas características especificadas no artigo 6 das presentes bases reguladoras.
- d) Promocionar a contratación de servizos susceptibles de ser subvencionados neste programa en conformidade co establecido no punto 6 do presente artigo.
- e) Seguir prestando ao usuario os servizos contratados de banda larga nas mesmas condicións, incluído o prezo máximo, durante cando menos un ano a contar desde que finalice o desfrute do bono.
- f) Aportar a documentación precisa para a verificación e control da adecuada execución dos bonos xestionados nos termos esixidos no artigo 20 das presentes bases reguladoras.
- g) Adiantar a contía da axuda aos beneficiarios mediante a minoración de ata 20 euros nas facturas mensuais durante un período de doce (12) meses. Este importe será aboado por Amtega á entidade colaboradora.
- h) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como un sistema de contabilidade separado, ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás presentes subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de control e comprobación da pista de auditoría.
- i) Cumprir as obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal derivadas da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e da normativa aplicable.
- j) Atoparse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.
- k) Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar Amtega, así como calquera outra que poidan realizar os órganos de control competentes tanto autonómicos, como estatais e comunitarios.
- l) Garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar dano significativo» (principio do no significant harm-DNSH), así como as condicións específicas vinculadas a este principio para o investimento C15.I3, de acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos.
- m) Cumprimento das obrigas de etiquetaxe climática e dixital, cunha porcentaxe do 0 por cento e do 100 por cento respectivamente, de acordo co previsto no PRTR e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.





O incumprimento das obrigas sinaladas neste artigo e, en particular, a falsidade ou inexactitude nas declaracións e certificados presentados polas entidades colaboradoras, determinará a perda da condición de entidade colaboradora, así como a aplicación do réxime sancionador previsto na normativa aplicable en materia de subvencións.

6. Obrigas de publicidade

- a) As entidades colaboradoras disporán dunha web informativa coa información correspondente ao alcance desta subvención (características do bono dixital, requisitos e obrigas dos beneficiarios, condicións da subvención, vixencia etc.) e as distintas modalidades de servizo e as tarifas asociadas.
- b) Con carácter xeral, as actividades de difusión, páxinas web e publicacións e, en xeral, en toda a información ou publicidade da actuación subvencionada que realice a entidade colaboradora, deberá facer constar o financiamento público.
- c) Para estes efectos, o órgano xestor poderá facilitar ás entidades colaboradoras instrucións, modelos e exemplos para cumprir coas obrigas de publicidade, que serán conformes co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e no artigo 20 do Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro.

Artigo 9. Representación na solicitude de bonos

1. As persoas físicas que realicen a firma da solicitude ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións, interposición de recursos, desistencia de accións ou renuncia a dereitos, en representación das persoas solicitantes, deberán ostentar a representación necesaria para cada actuación, nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. O asinante da solicitude deberá acreditar, mediante calquera medio válido en dereito, que no momento da presentación da solicitude ten representación suficiente para o acto. O incumprimento desta obriga, de non emendarse, dará lugar a que ao interesado se lle dea por desistido da súa solicitude.
3. Para o resto dos trámites indicados no punto a), cando o representante sexa distinto da persoa que asinou a solicitude, deberase achegar igualmente a acreditación do poder con que actúa o novo asinante, que deberá ser suficiente para exercer a devandita representación.
4. O órgano instrutor poderá requirir en calquera momento ás persoas asinantes a acreditación da representación que ostenten. A falta de representación suficiente da persoa solicitante en cuxo nome presentouse a documentación determinará que o documento en cuestión téñase por non presentado, cos efectos que diso derívense para a continuación do procedemento.

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





5. A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

Artigo 10. Solicitud de bono dixital

1. As persoas interesadas poderán presentar as solicitudes, preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado, anexo II, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes tamén presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes electrónicas poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Recoméndase a presentación de solicitudes a través dun autorizado/a como pode ser o/a traballador/a social do correspondente concello. Neste caso, o/a traballador/a social deberá achegar xunto coa solicitude, a autorización para a presentación electrónica contemplada no anexo V das presentes bases.

Artigo 11. Documentación complementaria para a solicitude de bonos

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación complementaria:
 - a) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (Anexo III).
 - c) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Anexo IV).
 - d) De ser o caso, acreditación válida do poder de representación do asinante da solicitude, segundo se establece no artigo 9 das presentes bases reguladoras.
 - e) De ser o caso, autorización ao traballador/a social para a presentación electrónica da solicitude (Anexo V).
2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de





intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente a persoa interesada a súa achega

4. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. Comprobación de datos para a solicitude de bonos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) Certificado da renda (IRPF) da persoa solicitante correspondente ao último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude de subvención.
- d) Nivel de renda no caso de non ter obriga de presentar a declaración de IRPF, correspondente ao último exercicio impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude.
- e) Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal
- f) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.





- g) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social.
 - h) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.
- Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude de bonos

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao comezo do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar devanditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Órganos competentes

1. A dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia convocará e resolverá os procedementos de concesión de bonos ditados ao amparo das presentes bases reguladoras.
2. A área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia será o órgano encargado da instrución e do seguimento.
3. A Xerencia da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia será a encargada da xestión económica-orzamentaria dos gastos e ingresos deste programa e do seguimento da súa execución.

Artigo 15. Procedemento de concesión dos bonos dixitais

1. O procedemento de concesión dos bonos dixitais tramitarase ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, polo que se avaliarán as solicitudes e resolverán conforme a orde de presentación, mentres se dispoña de crédito suficiente, de xeito que, de chegarse a esgotar os fondos dispoñibles, as seguintes solicitudes presentadas incluíranse nunha listaxe de espera.
2. O incremento do crédito, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta subvención, de conformidade co disposto nos artigos 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, permitirá reasignar fondos aos

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





expedientes que se atopen en listaxe de espera segundo a orde de prelación que lle corresponda.

Para estes efectos, a orde de presentación das solicitudes será a que resulte da data de presentación da solicitude.

3. O esgotamento definitivo dos fondos será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, tal e como prevé o artigo 32 do Decreto 11/2009.

Artigo 16. Instrución do procedemento de concesión do bono

1. O órgano competente para a instrución, realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou, non se presenta a documentación recollida no artigo 11 das presentes bases reguladoras, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
3. O órgano instrutor formulará propostas de resolución sucesivas, en función do volume de solicitudes que se vaian recibindo e elevaas ao órgano competente para resolver.

Artigo 17. Resolución da concesión do bono

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución a cada beneficiario será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude completa. Se transcorrese o prazo máximo sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 18. Modificación da resolución de concesión do bono

De acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión a alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas, que cubran os mesmos custes, outorgadas por outras administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Artigo 19. Notificacións, emisión do Bono Dixital e validez

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica o en papel) no formulario de solicitude.
3. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
5. Na notificación figurará o código do bono que deberá ser facilitado á entidade colaboradora elixida polo beneficiario para a contratación ou mantemento do servizo.
6. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación, sen que se acceda ao seu contido.
7. En todo caso, todos aqueles bonos que non se apliquen por parte dos beneficiarios antes do 31 de decembro de 2024 perderán a súa validez.

Artigo 20. Tramitación do abono das contías adiantadas aos beneficiarios dos bonos

1. Serán as entidades colaboradoras as encargadas de presentar a documentación precisa para a verificación e control da adecuada execución dos bonos xestionados.
2. Habilitarase un mecanismo de presentación telemática da documentación correspondente a cada bono tramitado, que facilite tamén a presentación agrupada das mesmas, e que será de uso obrigatorio para as entidades colaboradoras.
3. Co fin de que a AMTEGA tramite o aboamento ás entidades colaboradoras das contías previamente descontadas por estas, deberán presentar a seguinte documentación:
 - a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención e solicitude de pagamento da subvención pola entidade colaboradora, segundo modelo que facilitará Amtega.
 - b) Relación dos servizos dados de alta incluíndo os seguintes datos para cada bono xestionado:
 - Identificación do beneficiario.
 - Números, importes e datas de cada factura.
 - Detalle doutros ingresos ou subvencións que fosen empregados para financiar a actividade subvencionada, indicando importe e procedencia.

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





Tendo en conta o elevado número de beneficiarios previsto, esta tramitación realizarase conforme ao disposto no artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non sendo preciso a aportación de facturas nin documentación acreditativa do pagamento, sen prexuízo do disposto no punto 5 do devandito artigo.

4. A entidade colaboradora poderá levar a cabo presentacións mensuais. En todo caso, o prazo límite de presentación rematará un mes despois da emisión da última factura con desconto.
5. Amtega poderá solicitar da entidade colaboradora calquera información complementaria que poida considerar para comprobar a adecuada execución material e formal da actuación.
6. Comprobada a documentación e o proceso, se procede, Amtega realizará periodicamente propostas de pagamento para reintegrar ás entidades colaboradoras os importes das axudas anticipadas por estas. Estes pagos realizaranse nun prazo non superior a 60 días naturais unha vez comprobada e validada a documentación e proceso.
7. Estas contías, que ingresará Amtega mediante transferencia bancaria ás entidades colaboradoras, non supoñen ningún tipo de subvención ás devanditas entidades, senón que é unha subvención aos beneficiarios finais.

Artigo 21. Reintegro de subvencións e réxime de sancións

1. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia resérvase para si o dereito a realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control que se estimen oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e as persoas beneficiarias someteranse ás actuacións de control que se realicen para o seguimento das subvencións concedidas, así como as de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, as actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Se no curso destas verificacións se detectase que as persoas beneficiarias da subvencións ou as entidades colaboradoras incumpriron algunha das condicións establecidas nestas bases reguladoras, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, se é o caso, o deber de reintegrar as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. As entidades colaboradoras e as persoas beneficiarias das subvencións, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e desenvolto no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.





Artigo 22. Réxime de recursos

Contra as resolucións ditadas ao abeiro destas bases poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante a directora da Amtega, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fóra expresa. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produciu o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fóra expresa.

Artigo 23. Autorizacións e publicidade do beneficiario

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do contido da convocatoria e das bases reguladoras, así como a asunción da veracidade dos datos nela recollidos e a responsabilidade sobre a inclusión destes datos, incluíndo a responsabilidade que se asume por posibles erros realizados a título de simple descoido.
2. A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá opoñerse á consulta ou denegar expresamente o consentimento, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.
3. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, a AMTEGA publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das subvencións concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas subvencións e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, incluído o Registro Público de Subvencións, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Con todo, as persoas interesadas poderán pedir que non se fagan públicos os seus datos cando poidan afectar á honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas, segundo o establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio.





Artigo 24. Control e loita contra o fraude

1. De acordo co establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as persoas beneficiarias e as entidades colaboradoras someteranse ás actuacións de control que realice a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o seguimento dos bonos dixitais concedidos e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (CE) nº 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece Mecanismo de recuperación e resiliencia.
2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención General de la Administración del Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada ao efecto <http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>
3. Se se proban indicios fundados de fraude, a Xerencia da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia analizará a procedencia da incoación do correspondente procedemento administrativo sancionador de conformidade coa normativa aplicable en cada caso e, de ser o caso, instruírá o procedemento sancionador que corresponda, segundo a infracción administrativa na que resulten subsumibles os feitos analizados.

Artigo 25. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela dos deberes previstos no título I da citada lei. En caso de incumprimento desta obriga, estarase ao disposto no punto 4 do artigo citado.

Artigo 26. Datos de carácter persoal

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional primeira. Normativa aplicable

1. No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a execución do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, modificado polo Real Decreto 1134/2023, de 19 de decembro (BOE núm. 9 do 10 de xaneiro de 2024), e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño (BOE núm. 136 do 5 de xuño); a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
2. Tamén é de aplicación a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2021 en relación á vinculación legal coa finalidade dos fondos recibidos para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3. Así mesmo, son de aplicación as definicións de fraude, corrupción e conflito de intereses contidas na Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do Dereito penal, (Directiva PIF), e no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro da UE), traspostas ao dereito interno na Lei Orgánica 1/2019, do 20 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, para traspoñer Directivas da Unión Europea nos ámbitos financeiro e de terrorismo, e abordar cuestións de índole internacional.
4. E tamén será de aplicación o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, en particular, o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento. En particular, é de aplicación o previsto nos seus artigos 37 e 46 en relación, respectivamente, coa afectación legal dos ingresos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, e as obrigas de información para o seguimento dos proxectos financiados a través do PRTR.

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





O anterior, sen prexuízo da aplicación de calquera outras disposicións tanto do dereito nacional como da Unión Europea que puidesen resultar de aplicación, particularmente as que se aproben no ámbito da execución e xestión dos fondos provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e o PRTR. En particular, será de aplicación o previsto no Regulamento xeral de exención por categorías, así como na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a Orden HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Disposición adicional segunda. Base de datos nacional de subvencións

De conformidade co previsto nos artigos 18.2 e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase transmitir á Base de datos Nacional de Subvencións a información e o texto de cada convocatoria ditada ao abeiro das presentes bases reguladoras para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.





PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BONOS DIXITAIS PARA A CONECTIVIDADE DE COLECTIVOS VULNERABLES	AP400A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

TRABALLADOR/A SOCIAL (achegarase o anexo V)						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

PERSOA QUE REALIZA A PRESENTACIÓN, EN CASO DE NON SER O SOLICITANTE						
☐ Representante ☐ Traballador/a social						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

DATOS PARA AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:						
TELÉFONO MÓBIL				CORREO ELECTRÓNICO		
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE						
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.						
● Electrónica , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.						
● Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).						
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

IDENTIFICACIÓN DO COLECTIVO AO QUE PERTENCE A PERSOA SOLICITANTE	
☐ Persoa beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)	
☐ Persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital (IMV) do Goberno de España	
☐ Persoa con ausencia ou déficit grave de recursos económicos ou que se atope en situación ou risco de exclusión social conforme ao artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*	
*Considérase ausencia ou déficit grave de recursos económicos cando o nivel de renda do solicitante sexa igual ou inferior a: a) 1,25 veces o IPREM, se non hai menores na mesma. b) 1,75 veces o IPREM, se hai menores na unidade familiar.	





A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que se compromete a conceder os dereitos e os accesos necesarios para garantir que a Comisión, a OLAF, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias.

7. Que acepta ceder o dereito ao cobro da subvención concedida á entidade colaboradora coa que contrate o servizo de banda larga obxecto de subvención.

8. Que ningún outro membro da unidade familiar solicitou o bono dixital nesta convocatoria de 2024 nin desfrutou do mesmo en convocatorias anteriores.

9. Que, en relación aos membros da unidade familiar (responder so en caso de existir unidade familiar):

- ☐ Non existen menores na unidade familiar
- ☐ Si existen menores na unidade familiar

10. Que a información referente á unidade familiar indicada na presente solicitude é certa e que dispón da documentación que así o acredita e que se porá a disposición da Administración en caso de que se lle requira.

11. Que a persoa solicitante, en caso de resultar beneficiaria, asumirá o cumprimento de todas as obrigas establecidas na presente convocatoria de subvencións e nas súas bases reguladoras.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (Anexo III).

☐ Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar ao ámbito obxecto de xestión (Anexo IV).

☐ Autorización ao traballador/a social para a presentación electrónica da solicitude (Anexo V).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación válida do poder de representación da persoa asinante da solicitude.			





COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal	☐
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non
Certificado da renda (IRPF) da persoa solicitante, correspondente ao último exercicio impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude.	☐ Si ☐ Non
Nivel de renda no caso de non ter obriga de presentar a declaración de IRPF, correspondente ao último exercicio impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude.	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo, así como no sistema de información de Historia Social Única electrónica.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias. A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos fondos procedentes da Unión Europea.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos





LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 20 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se procede á convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento AP400A)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



UNIÓN EUROPEA



UNICO
BONO SOCIAL

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU



<https://sede.xunta.gal>

Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)





ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE DATOS ENTRE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
AP400A – BONOS DIXITAIS PARA A CONECTIVIDADE DE COLECTIVOS VULNERABLES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2:

«solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- O nome do perceptor final dos fondos;
- o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3:

«Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, en caso de resultar beneficiario destas subvencións manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data					
	,		de		de



UNIÓN EUROPEA



UNICO
BONO SOCIAL

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU

SEDE ELECTRÓNICA
<https://sede.xunta.gal>

Este formulario só poderá presentarse nas
formas previstas na súa norma reguladora





**DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA AO COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS TRANSVERSAIS ESTABLECIDOS
NO PRTR
AP400A – BONOS DIXITAIS PARA A CONECTIVIDADE DE COLECTIVOS VULNERABLES**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Manifesta o seu compromiso cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do dito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data					
	,		de		de



UNIÓN EUROPEA



BONO SOCIAL

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU





AUTORIZACIÓN DE REPRESENTACIÓN
AP400A – BONOS DIXITAIS PARA A CONECTIVIDADE DE COLECTIVOS VULNERABLES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

AUTORIZA A:

DATOS DO/A TRABALLADOR/A SOCIAL

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Nº COLEXIADO:

expresamente á presentación electrónica da solicitude do bono dixital para a conectividade de colectivos vulnerables (AP400A), así como á presentación do resto da documentación precisa derivada desta actuación en canto a subsanar ou acompañar os documentos preceptivos e demais documentación complementaria que se considere ao efecto.

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados nesta solicitude así como na documentación que se acompaña.

En calidade de:

☐ Solicitante ☐ Representante Legal ☐ Gardador de feito

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

--	--	--	--	--	--

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



UNIÓN EUROPEA



UNICO
BONO SOCIAL

Financiado pola Unión Europea
Next GenerationEU



SEDE ELECTRÓNICA
<https://sede.xunta.gal>

Este formulario só poderá presentarse nas
formas previstas na súa norma reguladora

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)



ANEXO VI

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA E GALICIA E A ENTIDADE COLABORADORA _____ PARA A XESTIÓN DE BONOS DIXITAIS PARA A CONECTIVIDADE DE COLECTIVOS VULNERABLES (PROGRAMA UNICO-BONO SOCIAL), DERIVADO DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO AP400B, E ENMARCADO NO INVESTIMENTO C15.I3 DO COMPOÑENTE 15 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

En Santiago de Compostela,

Dunha parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E doutra parte, _____ en representación da entidade colaboradora _____ (NIF _____).

Interven en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias o deseño e liderazgo de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións en esta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Segundo.- Que, a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), presentada pola Xunta de Galicia en febreiro de 2021, define un marco de actuación común que facilite a actuación das tres



administracións (nacional, autonómica e local) nun mesmo territorio de maneira complementaria para consolidar a transición dixital da Comunidade. Concretamente, o eixo estratéxico 2 da EGD2030 céntrase en acadar unha Sociedade Dixital e Inclusiva e contempla o fomento da igualdade dixital mediante a redución da fenda de acceso a servizos dixitais. Neste senso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia está a desenvolver medidas coas que acadar este obxectivo.

Terceiro.- Que o 17 de novembro de 2021 publicouse no BOE o Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a execución do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, modificado posteriormente polo Real Decreto 1137/2023, de 19 de decembro, e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño. Dito Real Decreto contempla no artigo 14 a posibilidade de colaboración dos operadores no programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, establecendo os requisitos que estes deben cumprir.

Cuarto.- Que de conformidade co apartado 2 do artigo 14 do Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño, os novos operadores que queiran participar e comercializar os seus servizos no marco deste programa de axudas da Comunidade de Galicia deberán inscribirse no Rexistro de operadores-colaboradores que xestionará a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.

Quinto.- Que unha vez verificado o procedemento previsto no apartado 2 do artigo 14 do Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño por parte da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e, posteriormente, verificado por parte da Amtega o cumprimento do artigo 7.4.b) da resolución da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 20 de xuño de 2024 a entidade _____ pode participar como entidade colaboradora.

Sexto.- Que de conformidade co anteriormente exposto e co establecido no artigo 8.2 da resolución da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 20 de xuño de 2024, faise necesario subscribir o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- O presente Convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a entidade colaboradora _____ que participará na xestión do programa de emisión de bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU

Segunda.- Requisitos da Entidade colaboradora.

A entidade que asina este convenio terá a consideración de entidade colaboradora, con suxeición ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos deste convenio, entenderase por entidade colaboradora ás empresas privadas con personalidade xurídica propia, validamente constituídas e empresarios individuais. En ambos casos, deben ostentar a condición de operador debidamente habilitado, conforme ao establecido nos artigos 6 e 7 da Lei 11/2022, do 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións, e ofertar servizos de internet na Comunidade Autónoma de Galicia coas características técnicas especificadas no artigo 6 das citadas bases reguladoras.

A acreditación, antes da sinatura e durante toda a vixencia do convenio, da solvencia técnica e de eficacia da entidade colaboradora está suxeita á certificación de estar rexistrado no correspondente Rexistro de Operadores regulado no artigo 7 da Lei 11/2022, do 28 de xuño, ou ben indicando o nome, servizo e data de resolución que figura no devandito rexistro, para a súa comprobación polo órgano instrutor.

Así, mesmo, non poderán obter a condición de entidade colaboradora:

- a) as persoas nas que concorran algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- b) as empresas que se atopen suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha Decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ao beneficiario ilegal e incompatible co mercado común.
- c) as empresas en crise de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices da Comisión Europea sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (2014/C249/01) Diario Oficial da Unión Europea do 31/07/2014.

A acreditación da solvencia económica, dado que a participación da entidade colaboradora supón un desconto pola súa parte nas facturas emitidas aos destinatarios da axuda, para a recuperación posterior mediante xustificación ante a Axencia para a Modernización



Tecnolóxica de Galicia, non é necesario que se acredite para estas actuacións posto que en ningún caso se adiantan fondos á entidade colaboradora.

Terceira.- Gastos subvencionables e contía das axudas

No presente convenio contémplanse como gastos subvencionables a contratación ou mantemento do servizo de conexión a internet durante un período de ata 12 meses. O dito servizo de conexión deberá ter asociada unha velocidade de transferencia de datos de, como mínimo, 30 Mbps en sentido da rede ao usuario (DL) en condicións de hora punta, entendida esta como a velocidade alcanzada polos usuarios finais durante un período de unha hora no momento de ocupación máxima da rede, a través da tecnoloxía máis adecuada en cada caso, a fin de respectar o principio de neutralidade tecnolóxica, e sen limitación horaria de acceso nin limitación ao volume mensual dos datos descargados.

Non se consideran subvencionables outros servizos que a entidade colaboradora poida prestar a través do mesmo acceso (voz, televisión etc). Sen prexuízo de que os usuarios poidan contratar ditos servizos de forma adicional.

O custo do IVE considerarase gasto non subvencionable. En ningún caso o custo do servizo poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos subvencionables e non subvencionables defínense de acordo ao establecido no Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a execución do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, modificado polo Real Decreto 1134/2023, de 19 de decembro, e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño.

A entidade colaboradora deberá adiantar a contía da axuda aos beneficiarios mediante a minoración de ata 20 euros nas facturas mensuais durante un período de ata 12 meses. Este importe será aboado por Amtega á entidade colaboradora.

Cuarta.- Desenvolvemento das actuacións.

Unha vez que a entidade colaboradora verifique o código do bono achegado polo beneficiario poderá proceder á instalación do correspondente servizo dando comezo a prestación do mesmo e, periodicamente, emitirá as preceptivas facturas.

A contía da axuda será descontada pola colaboradora, no momento da emisión de cada factura mensual ao beneficiario, mediante a minoración de ata 20 euros nas facturas mensuais durante un período de ata 12 meses.



Será posible traspasar o incentivo dun operador que sexa entidade colaboradora a outro que tamén o sexa. A Amtega porá a disposición das entidades colaboradoras a información sobre o tempo consumido de cada bono, a fin de que a nova entidade á que se traspasa o incentivo coñeza a data de vencemento.

Quinta.- Xustificación e pagamento das axudas á entidade colaboradora.

Para solicitar o abono das cantidades subvencionadas aos beneficiarios, a entidade colaboradora presentará ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención e solicitude de pagamento da subvención pola entidade colaboradora, segundo modelo que facilitará Amtega.
- b) Relación dos servizos dados de alta incluíndo os seguintes datos para cada bono xestionado:
 - Identificación do beneficiario.
 - Números, importes e datas de cada factura.
 - Detalle doutros ingresos ou subvencións que fosen empregados para financiar a actividade subvencionada, indicando importe e procedencia.

Tendo en conta o elevado número de beneficiarios previsto, esta tramitación realizarase conforme ao disposto no artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non sendo preciso a aportación de facturas nin documentación acreditativa do pagamento, sen prexuízo do disposto no punto 4 do devandito artigo.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá solicitar da entidade colaboradora calquera información complementaria que poida considerar para comprobar a adecuada execución material e formal da actuación durante a vixencia do convenio.

A falsidade ou inexactitude nos datos recollidos poderá dar lugar á anulación da adhesión da colaboradora ao convenio, así como á aplicación do réxime sancionador previsto na normativa de aplicación en materia de subvencións públicas.

Habilitarase un mecanismo de presentación telemática da documentación correspondente a cada bono tramitado, que facilite tamén a presentación agrupada das mesmas, e que será de uso obrigatorio para as entidades colaboradoras.

A entidade colaboradora poderá levar a cabo presentacións mensuais. En todo caso, o prazo límite de presentación rematará un mes despois da emisión da última factura con desconto



Estas contías que ingresará a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia á entidade colaboradora non supoñen ningún tipo de subvención á devandita entidade, senón que é unha subvención aos beneficiarios finais.

Con carácter xeral, realizaranse pagamentos parciais, que responderán ao ritmo de execución das actuacións subvencionadas, nas condicións establecidas no artigo 31.6 da Lei 9/2007. O aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

O pagamento do incentivo de ata 20€ mensuais durante un período de ata 12 meses, realizarase pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, mediante abono á operadora adherida, coa que o beneficiario teña contratado a conexión a Internet, por cesión deste, nas condicións establecidas nas bases reguladoras da axuda. O pagamento efectuarase por transferencia bancaria á conta da operadora adherida, indicada por esta no proceso de adhesión. Os pagos realizaranse nun prazo non superior a 60 días naturais unha vez comprobada e validada a documentación e proceso.

A operadora destinará o importe do incentivo a minorar o custe da conexión a Internet contratada polo beneficiario.

Sexta.- Obrigas da entidade colaboradora.

Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 12 da Lei 9/2007, así como nas bases reguladoras contidas na resolución da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, con data 20 de xuño de 2024, a entidade colaboradora queda obrigada a:

- a) promocionar a contratación de servizos susceptibles de ser subvencionados en conformidade co establecido no artigo 8.6 da resolución do 20 de xuño de 2024 .
- b) instalar o servizo de internet contratado polo beneficiario do bono dixital que deberá cumprir as características establecidas no artigo 6 da resolución do 20 de xuño de 2024. Previamente á instalación a entidade colaboradora deberá verificar o código do bono a través do servizo que se habilitará a tal efecto por parte da Amtega.
- c) Comunicar, a través do servizo habilitado por parte da Amtega, os servizos tramitados a través do bono dixital, nun prazo máximo de dous meses desde o inicio da aplicación do desconto do bono ao beneficiario, así como, as baixas realizadas tamén nun prazo máximo de dous meses desde que se fan efectivas
- d) adiantar a contía da axuda aos beneficiarios mediante a minoración de ata 20 euros nas facturas mensuais durante un período de ata 12 meses.
- e) Seguir prestando ao usuario os servizos contratados de banda larga nas mesmas condicións, incluído o prezo máximo, durante cando menos un ano a contar desde que finalice o disfrute do bono.



- f) aportar a documentación precisa para a verificación e control da adecuada execución dos bonos xestionados nos termos esixidos no artigo 20 da resolución 20 de xuño de 2024 .
- g) dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como un sistema de contabilidade separado, ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás presentes subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de control e comprobación da pista de auditoría.
- h) cumprir as obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal derivadas da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e da normativa aplicable.
- i) atoparse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social. Neste sentido, a entidade colaboradora debe ter presentado o consentimento expreso de autorización a Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acrediten que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. En caso de non estar ao corrente deberá presentar a certificación xustificativa.
- j) someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar Amtega, así como calquera outra que poidan realizar os órganos de control competentes tanto autonómicos, como estatais e comunitarios.
- k) obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e das obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar dano significativo» (principio do no significant harm-DNSH), así como as condicións específicas vinculadas a este principio para o investimento C15.I3, de acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos.
- m) cumprir as obrigas de etiquetaxe climática e dixital, cunha porcentaxe do 0 por cento e do 100 por cento respectivamente, de acordo co previsto no PRTR e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

As colaboradoras deberán tamén cumprir as obrigas específicas de publicidade recollidas na cláusula seguinte.



Sétima.- Obrigas de publicidade.

As entidades colaboradoras disporán dunha web informativa coa información correspondente ao alcance desta subvención (características do bono dixital, requisitos e obrigas dos beneficiarios, condicións da subvención, vixencia etc.) e as distintas modalidades de servizo e as tarifas asociadas.

Con carácter xeral, as actividades de difusión, páxinas web e publicacións e, en xeral, en toda a información ou publicidade da actuación subvencionada que realice a entidade colaboradora, deberá facer constar o financiamento público.

Para estes efectos, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá facilitar ás entidades colaboradoras instrucións, modelos e exemplos para cumprir coas obrigas de publicidade, que serán conformes co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e no artigo 20 do Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro.

Oitava.- Obrigas da Amtega

Pola súa parte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia queda obrigada a:

- a) publicar, a través do servizo que se habilitará a tal efecto, os datos dos bonos dixitais concedidos para que as entidades colaboradoras podan comprobar esta información e tramitar as solicitudes de servizos recibidas por parte dos beneficiarios.
- b) comprobar e verificar a documentación achegada pola entidade colaboradora para a tramitación do abono das contías adiantadas aos beneficiarios dos bonos
- c) realizar periodicamente propostas de pagamento para reintegrar á entidade colaboradora os importes das axudas anticipadas por esta. As contías ingresaranse por parte da Amtega mediante transferencia bancaria.

Novena.- Natureza.

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios de dita Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.



A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar o convenio e resolver todas as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento e os seus acordos porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo recorribles ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo.- Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas cláusulas do mesmo, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso.

Décimo primeira.- Contraprestación económica.

Non se fixa contraprestación económica a favor da entidade colaboradora.

Décimo segunda.- Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30/6/2026.

Décimo terceira. - Causas de resolución do convenio de colaboración

O presente convenio poderá extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou resolverse polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan. Así mesmo, poderá resolverse por denuncia unilateral dalgunha das partes, previa comunicación ás outras partes cun mes de antelación, cando concorran algunha das seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento do obxectivo perseguido.
- b) Incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas.
- c) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o obxecto do presente convenio.
- d) Imposibilidade material de executar o obxecto do Convenio por circunstancias excepcionais, que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

Décimo cuarta.- Réxime xurídico.

O presente convenio rexeráse por:



- Resolución do 20 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, e se procede á convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento AP400A)
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real Decreto 989/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a execución do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, modificado polo Real Decreto 1134/2023, de 19 de decembro, e polo Real Decreto 521/2024, do 4 de xuño.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno

E en proba de conformidade con canto antecede asinan os comparecentes.

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

O representante da entidade colaboradora

